

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBIERNO  
LOCAL CELEBRADA O DÍA 29 DE ABRIL DE 2013.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E CUARENTA  
E CINCO MINUTOS** do luns día **VINTENOVE DE ABRIL DE DOUS MIL  
TRECE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **Dª. PAULA FERNANDEZ PENA**,  
reúñese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **Dº  
MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e os concelleiros **Dº ANTONIO COUSO  
ÁLVAREZ, Dº KLAUS BREY MONTAÑA** a Interventora Municipal **ISABEL  
PERNAS SANCHEZ** e do Secretario acctal (Decreto 05.04.13) da Corporación  
**DON DAVID GARCIA LAREO**, que suscribe e da fe.

NON ASISTE: a concelleira **Dª DOLORES GARCÍA TROITIÑO**

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde  
do Día seguinte:

- 1.- **APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES:**  
- Acta da sesión extraordinaria de 15 de abril de 2013
- 2.- **PROPOSTA DA ALCALDÍA DO 29 DE ABRIL DE 2013 SOBRE  
SITUACIÓN DAS PARCELAS CON REFERENCIAS CATASTRAIS  
2076001NH6227N0001SJ; 2076002NH6227N0001ZJ;  
2076013NH6227N0001QJ; 2076014NH6227N0001PJ;  
2076015NH6227N0001LJ.**
- 3.- **PROPOSTA DA ALCALDÍA DO 29 DE ABRIL DE 2013 SOBRE  
SITUACIÓN DA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL  
1880712NH6218S.**
- 4.- **RESOLUCIÓN DO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DE PONTEVEDRA SOBRE PLAN PROVINCIAL DE EMPREGO  
2013.**
- 5.- **SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE AVAL PRESENTADA POR  
CONSTRUCCIONES MIGUEZ XESTOSO, S.L.**
- 6.- **ESCRITO DE JOSÉ BAL MÍGUEZ DE AUTORIZACIÓN DE USO DE  
FRANXA DE TERREO.**
- 7.- **BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA  
PARA O OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓNNS PARA ENTIDADES  
DEPORTIVAS DO CONCELLO DE SILLEDA.**
- 8.- **BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNNS  
PARA PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS DO  
CONCELLO DE SILLEDA.**
- 9.- **CONTRATACIÓN: CONTRATO DE SERVIZO DE ARQUITECTO.**

**1º.- APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES:**

- Acta da sesión extraordinaria de 15 de abril de 2013

Preséntanse para aprobación estas actas:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión extraordinaria de 15 de abril de 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda prestar aprobación a seguinte acta da Xunta de Goberno Local:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión extraordinaria de 15 de abril de 2013.

**2º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DO 29 DE ABRIL DE 2013  
SOBRE SITUACIÓN DAS PARCELAS CON REFERENCIAS  
CATASTRAIS 2076001NH6227N0001SJ;  
2076002NH6227N0001ZJ; 2076013NH6227N0001QJ;  
2076014NH6227N0001PJ; 2076015NH6227N0001LJ.**

Dase conta da proposta da Alcadesa, de data 29 de abril de 2013, que se transcribe:

*“PROPOSTA DE ALCADÍA PARA LEVAR A XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*Visto que, consultado o Punto de Información Catastral do Concello de Silleda, obsérvase que como titulares das parcelas con referencias catastrais: 2076001NH6227N0001SJ; 2076002NH6227N0001ZJ; 2076013NH6227N0001QJ; 2076014NH6227N0001PJ; 2076015NH6227N0001LJ, figuran, das catro primeiras Novacaixagalicia division grupo inmobiliario S.L., e da última, a Sociedad de Gestión Activos Bancaria (SAREB)*

*Visto que as referidas parcelas están sen pechar nas condicións exixidas pola normativa municipal e que seu estado actual incumple coas condicións de hixiene, salubridade e seguridade recollidas na Ordenanza de Convivencia, Residuos, Limpeza Viaria e Ornato co Concello de Silleda(BOP Pontevedra 10 de Outubro de 2011)*

*PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, ADOPTAR O SEGUINTE ACORDO:*

*1º.- Requerir a SAREB para que no prazo de 20 días, dende a recepción do acordo,*

inicie as actuacións oportunas a fin de acomodar a situación física das parcelas antes citadas á ordenanza de Convivencia, Residuos, Limpeza Viaria e Ornato co Concello de Silleda(BOP Pontevedra 10 de Outubro de 2011), de acordo co artigo 77 da mesma, que textualmente recolle o seguinte:

**"ARTIGO 77.-OBRIGAS XENÉRICAS:**

1.-Os propietarios de terreos situados no termo municipal deberán mantelos nas debidas condicións de hixiene, salubridade e seguridade. Para iso, realizarán as tarefas de mantemento necesarias co fin de que permanezan limpos de maleza, evitando que as augas de escorrentías e as ramas das árbores afecten ao espazo público. Esta obriga comprende tamén a esixencia de desratización e desinfección dos citados terreos, cando estean próximos ás vivendas.

2.-Os propietarios de terreos que, consonte o previsto no artigo seguinte, teñan a condición de soar terán, así mesmo, a obligación de cerralos de acordo coas normas contidas no Plan xeral de ordenación municipal e respectando as condicións estéticas sinaladas na ordenanza municipal correspondente. Se, polo desnivel da rúa, a altura resulta insuficiente para evitar o vertido de residuos ao soar poderase instalar un valo suplementario de malla metálica dun metro de altura sustentado sobre postes metálicos.

O valado debe quedar instalado de forma que se garanta a súa estabilidade por medio de pilastras e debe ser conservado en estado decoroso. Deberá contar coa porta de acceso de ancho suficiente para permitir os labores de limpeza.

En calquera caso, o tipo de valado poderá substituirse por muro de bloque, ou por calquera outro que os servizos técnicos municipais consideren conveniente, tendo en conta as circunstancias do caso.

3.-En casos excepcionais, poderase eximir ao titular do soar, por parte do Concello, da obrigatoriedade de cerrar aquel, sempre e cando non exista desnivel con relación á rúa, e o o titular garante as condicións de seguridade, salubridade e ornato do predio."

2º.- Comunicarlle ao titular das parcelas que pode acollerse á excepción recollida no número 3 do citado artigo 77 da Ordenanza, sempre e que proceda a nivelar os terreos con relación á rúa, e garantice as condicións de seguridade, salubridade e ornato dos predios.

3º- Dar traslado ós servizos xurídicos deste concello do presente decreto a fin de que emitan informe xurídico sobre as actuacions a seguir, para o suposto de inactividade por parte do titular dos inmobilés, e iniciar, de ser o caso, o correspondente expediente sancionador

4º. Notificar esta resolución á Sociedad de Gestión de Activos procedentes de la Reestructuración Bancaria(SAREB) con domicilio en Rúa/Galileo Galilei 8, 2ºA World Center A Grela 15008. A Coruña

5º.- Dar traslado da presente resolución ao Pleno da Corporación na próxima sesión que se celebre."

**A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04-07-**

**2011), por unanimidade dos presentes, e segundo o contido da proposta da Alcaldesa de 29 de abril de 2013, acorda prestar aprobación a mesma.**

**3º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DO 29 DE ABRIL DE 2013  
SOBRE SITUACIÓN DA PARCELA CON REFERENCIA  
CATASTRAL 1880712NH6218S.**

Dase conta da proposta da Alcaldesa, de data 29 de abril de 2013, que se transcribe:

**"PROPOSTA DE ALCADÍA PARA LEVARE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

*Visto que, consultado o Punto de Información Catastral do Concello de Silleda, obsérvase que como titular da parcela con referencia catastral 1880712NH6218S, figura a entidade Construcciones Agustín Chaira SL*

*Visto que as referida parcela está sen pechar nas condicións exixidas pola normativa municipal e que seu estado actual incumple coas condicións de hixiene, salubridade e seguridade recollidas na Ordenanza de Convivencia, Residuos, Limpeza Viaria e Ornato co Concello de Silleda(BOP Pontevedra 10 de Outubro de 2011)*

***PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, ADOPTAR O SEGUINTE ACORDO:***

*1º.- Requerir a Construcciones Agustín Chaira SL para que no prazo de 20 días, dende a recepción do acordo, inicie as actuacións oportunas a fin de acomodar a situación física da parcela antes citadas á ordenanza de Convivencia, Residuos, Limpeza Viaria e Ornato co Concello de Silleda(BOP Pontevedra 10 de Outubro de 2011), de acordo co artigo 77 da mesma, que textualmente recolle o seguinte:*

***"ARTIGO 77.-OBRIGAS XENÉRICAS:***

*1.-Os propietarios de terreos situados no termo municipal deberán mantelos nas debidas condicións de hixiene, salubridade e seguridade. Para iso, realizarán as tarefas de mantemento necesarias co fin de que permanezan limpos de maleza, evitando que as augas de escorrentías e as ramas das árbores afecten ao espazo público. Esta obriga comprende tamén a esixencia de desratización e desinfección dos citados terreos, cando estean próximos ás vivendas.*

*2.-Os propietarios de terreos que, consonte o previsto no artigo seguinte, teñan a condición de soar terán, así mesmo, a obligación de cerralos de acordo coas normas contidas no Plan xeral de ordenación municipal e respectando as condicións estéticas sinaladas na ordenanza municipal correspondente. Se, polo desnivel da rúa, a altura resulta insuficiente para evitar o vertido de residuos ao soar poderase instalar un valo suplementario de malla metálica dun metro de altura sustentado sobre postes metálicos.*

*O valado debe quedar instalado de forma que se garanta a súa estabilidade por medio de pilastras*

*e debe ser conservado en estado decoroso. Deberá contar coa porta de acceso de ancho suficiente para permitir os labores de limpeza.*

*En calquera caso, o tipo de valado poderá substituirse por muro de bloque, ou por calquera outro que os servizos técnicos municipais consideren conveniente, tendo en conta as circunstancias do caso.*

*3.-En casos excepcionais, poderase eximir ao titular do soar, por parte do Concello, da obrigatoriedade de cerrar aquel, sempre e cando non exista desnivel con relación á rúa, e o o titular garante as condicións de seguridade, salubridade e ornato do predio."*

*2º.- Comunicarlle ao titular das parcelas que pode acollerse á excepción recollida no número 3 do citado artigo 77 da Ordenanza, sempre e que proceda a nivelar os terreos con relación á rúa, e garantice as condicións de seguridade, salubridade e ornato dos predios.*

*3º- Dar traslado ós servizos xurídicos deste concello do presente decreto a fin de que emitan informe xurídico sobre as actuacions a seguir, para o suposto de inactividade por parte do titular dos inmobilés, e iniciar, de ser o caso, o correspondente expediente sancionador*

*4º. Notificar esta resolución á Construcciónes Agustín Chaira SL con domicilio en Avenida del Parque, 55-Silleda*

*5º.- Dar traslado da presente resolución ao Pleno da Corporación na próxima sesión que se celebre."*

**A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04-07-2011), por unanimidade dos presentes, e segundo o contido da proposta da Alcaldesa de 29 de abril de 2013, acorda prestar aprobación a mesma.**

**4º- RESOLUCIÓN DO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA SOBRE PLAN PROVINCIAL DE EMPREGO 2013.**

Pola Alcaldese dase conta do escrito remitido polo Secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 24 de abril de 2013, Rexistre de Entrada nº 2466, de data 26 de abril de 2013, mediante o cal notifícase resolución da presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra en relación ó Plan Provincial de Emprego 2013, que se transcribe:

*"A Presidencia, no uso das facultades que lle confire a normativa vixente, dita a seguinte RESOLUCIÓN:*

*A Deputación de Pontevedra, consciente das dificultades que teñen os pequenos*

*concellos para prestar determinados servizos ou executar obras esenciais para a comunidade por mor da complicada situación económica e os recortes orzamentarios, puxo en marcha un plan de axudas dentro do Plan Provincial de Emprego 2013 en pos de asegurar a prestación integral e axeitada na totalidade do territorio provincial dos servizos de titularidade municipal e cumplir, deste xeito, co disposto no artigo 36 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime local e o 109 da Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia.*

*Ditas axudas destinaranse á contratación laboral por obra ou servizo dun máximo de doce persoas desempregadas que, preferentemente, non perciban ningún tipo de renda, clasificadas no grupo E, a tempo parcial de 25 horas semanais e por un periodo de seis meses, sendo os traballos a desenvolver de interese xeral e social indispensables para o bo funcionamento da comunidade e o benestar dos veciños.*

*A selección será efectuada por cada concello, en formulario normalizado, a través do Servizo Público de Emprego fancendo referencia ós requisitos e características que deben reunir os traballadores que contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes ós postos de traballo ofertados.*

*O custe salarial subvencianable pola Deputación, de acordo co previsto na base quinta, ascende a 766,38 euros dos cales 512,15 euros corresponden a retribucións e 264,23 euros a cota patronal, imputables á aplicación 2013.942.942.462.03 do vixente orzamento provincial. No caso de que o concello fixe unha retribución superior, éste debe facerse cargo da diferenza.*

*Considerando o disposto no artigo 15.1.b do ROL 1/95, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e no artigo 10.3 do RDL 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia e vista a solicitud e e toda a documentación necesaria para a válida concesión da subvención,*

*Visto o informe-proposta da xefe do servizo de cooperación e o informe emitido pola Comisión de Valoración,*

*E, visto o informe de fiscalización de intervención dos expedientes de subvención e da documentación relacionada co expediente que debe remitir o Concello,*

*RESOLVÍN:*

*1º.- CONCEDERLLE ó CONCELLO DE SILLEDA, con CIF P36052001, a cantidade total 55.179,36 euros, para a contratación laboral de doce traballadores, 2 peóns da construcción, 2 peóns de pintor, 4 peóns de limpeza viaria (varredores), 2 peóns de xardinería e 2 peóns de traballos forestais, clasificados no grupo E para*

*a realización de traballos de acondicionamento, limpeza e mellora de espazos naturais, urbanos e áreas de lecer e tempo libre; de conservación e mantemento de infraestruturas; de recuperación e adecuación de arenais e praias así como tarefas de vixiancia, conserxería e apoio social, indispensables para o benestar dos veciños e o bo funcioamento da comunidade.*

*2º.- A subvención concedida, que ascende a un total de 36.154,80 euros en concepto de retribucións e 19.024,56 euros como cota patronal á seguridade social, se imputará á aplicación 2013/942.942.462.03 do vixente orzamento provincial na que existe crédito para fazer fronte a este gasto.*

*3º.- A selección do persoal levarase a cabo a través dos Servizos Públicos de Emprego, dándose prioridade os candidatos que non perciban ningún tipo de renda.*

*4º.- Todos os contratos deberán estar formalizados antes do 1 de xuño de 2013, salvo os casos excepcionais de substitución por renuncia, e o periodo de vixencia non poderá exceder do 30 de novembro de 2013*

*5º.- O pagamento da subvención concedida farase efectiva da seguinte forma:*

1. *O 50% ó inicio da obra ou servizo, que se acreditará coa certificación do secretario do concello e se aboará segundo o número de contratos formalizados ata esa data.*
2. *O 50% restante ó inicio do cuarto mes de contrato, previa certificación do secretario de concello sobre a continuidade da actividad e na que se faga constar a identificación dos traballadores e as datas do inicio e fin do contrato.*

*6º.- En canto a xustificación, no prazo máximo de dous meses a partir do seguinte á finalización da obra ou servizo, cómpre presentar no rexistro da Deputación os seguintes documentos:*

- a. *Memoria explicativa e detallada das actividades realizadas e da práctica profesional acadada polos traballadores contratados.*
- b. *Certificado de fin de servizo.*
- c. *Certificación acreditativa de que os gastos son reais e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación, se o considerase oportuno, os xustificantes correspondentes para o seu exame. Neste certificado deberán concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social, así como as cantidades deducidas na liquidación das cotas á Seguridade Social (modelo TC1) en concepto de*

*incapacidade temporal dos traballadores contratados con cargo a esta subvención, cuxa contía lle deberán reintegrar á Deputación.*

*7º.- A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.*

*Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 107 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro), ou ben, directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei).*

*Todo isto sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime pertinente.”*

**A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.**

**5º.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE AVAL PRESENTADA POR CONSTRUCCIONES MIGUEZ XESTOSO, S.L.**

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes acorda:

Visto escrito presentado por Victorino Míguez Xestoso, en representación de CONSTRUCCIONES MÍGUEZ XESTOSO S.L., de data 14 de marzo de 2013, Registro de Entrada nº 1532 de data 14 de marzo de 2013, solicitando devolución de aval constituido mediante transferencia bancaria, correspondente a obra “**Abastecemento domiciliario de auga potable na parroquia de Cortegada**” do Plan Provincial de Cooperación, anualidade 2011 (PPC/2011).

Visto o informe emitido por Lino Manuel Doporto Framil, arquitecto, na súa calidade de Director da Obra “Abastecemento domiciliario de auga potable na parroquia de Cortegada”, de data 17 de abril de 2013, que se transcribe:

*“Lino Manuel Doporto Framil. Arquitecto, en calidade de director da obra “Traida de aguas Cortegada” correspondente ao PPC 2011, nº 60, adjudicada á empresa Míguez Xestoso, S.L., con respecto á solicitude de devolución do aval definitivo*

*depositado polo empresario mediante escrito asinado o día 14 de marzo de 2013 e presentado ante este concello con rexistro de entrada nº 1532, de día 14 de marzo de 2013, aval depositado segundo as cláusulas do contrato de obra do que foi beneficiario a empresa*

*Míguez Xestoso, S.L., emito o seguinte informe relativo ao estado das mencionadas obras:*

*As obras comprendidas no proxecto "Traida de augas de Cortegada" están en perfecto estado de conservación e non se observan deficiencias na instalación e no funcionamento das mesmas."*

**A Xunta de Goberno Local acorda:**

**Aprobar a devolución do aval solicitado correspondente a obra "Abastecemento domiciliario de auga potable na parroquia de Cortegada" do Plan Provincial de Cooperación, anualidade 2011 (PPC/2011).**

**6º.- ESCRITO DE JOSÉ BAL MÍGUEZ DE AUTORIZACIÓN DE USO DE FRANXA DE TERREO.**

Visto que pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 14 de febreiro de 2013 acordouse deixar sobre a mesa, para seu estudo, o expediente relativo ó escrito presentado por José Bal Míguez de autorización de uso de franxa de terreo, Rexistro de Entrada nº 705 de data 11 de febreiro de 2013.

Pola Alcaldesa dase conta do novo escrito presentado por José Bal Míguez, Rexistro de Entrada nº 2300, de data 16 de abril de 2013, no que indica:

*"Que é propietario/a dun terreo sito en Silleda, na Zona de Concentración Parcelaria de Grava (Silleda), Parcela nº 91 do Polígono 501, segundo plano que se acompaña.*

*Que o Concello de Silleda, pretende a ampliación dun tramo do camiño lindante para facilitar as maniobras mediante vehículos pesados.*

*Que para levar a cabo dita ampliación o Concello necesita fazer uso dunha franxa de terreo dunha superficie de 32 metros cuadrados do referido inmoble, tal e como se reflicte no plano adjunto.*

*En consecuencia, DON JOSÉ BAL MÍGUEZ presta a súa autorización expresa ao Concello de Silleda para que dentro de aquellas obras de acondicionamento faga uso da franxa de terreo referida, coas seguintes*

*particularidades:*

- a) O Concello de Silleda soamente poderá destinar esta parcela ao uso recollido anteriormente.
- b) Executará a súa costa tódalas actuacións necesarias para adecuar, acondicionar e manter a franxa de terreo.
- c) Será o único responsable a tódolos efectos legais do establecemento, xestión e mantemento deste servicio público sen que os propietarios teñan responsabilidade algúnhha, nin contractual nin extracontractual fronte ó Concello nin fronte a terceiros usuarios da franxa cedida; asumindo, en consecuencia, a súa responsabilidade coa póliza de responsabilidade civil para fazer frente as eventuais incidencias que se deriven de ese uso público.
- d) O Concello de Silleda no adquire dereito algún sobre o terreno cedido, limitándose aquela cesión a un máximo de dez anos, e sempre que antes non se constrúa outro acceso que permita o xiro de camións, momento no que a cesión deixaría de ter efecto, sen mais requerimento por parte do titular."

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** aceptala autorización de José Bal Míquez, nos termos que sinala no seu escrito anteriormente transcrito.

7º.- **BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA O OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓNIS PARA ENTIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE SILLEDА.**

Polo Concelleiro de Deportes, Klaus Brey Montaña dase conta das "Bases Específicas Reguladoras da Convocatoria para o outorgamento de Subvencións para Entidades Deportivas do Concello de Silleda", asinadas pola Alcaldesa en data 24 de abril de 2013.

Visto o informe emitido pola Interventora Municipal, de data 24 de abril de 2013

**A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos presentes, acorda** prestar aprobación as "Bases Específicas Reguladoras da Convocatoria para o outorgamento de Subvencións para Entidades Deportivas do Concello de Silleda", e que transcríbense a continuación:

***"BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA O***

## ***OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓNS PARA ENTIDADES DEPORTIVAS DO CONCELLO DE SILLEDÁ.***

*As presentes, bases que rexerán a convocatoria para a concesión de subvencións a entidades deportivas que desenrolen a súa actividade no Concello de Silleda, están suxeitas ó disposto pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións do Concello de Silleda e demais normativa vixente.*

*A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións establece un novo marco de actuacións nesta materia, que resulta de aplicación ás Entidades Locais. Dispón no seu artigo 3 que as subvencións que outorguen as Entidades que integran a Administración Local rexeranse polas prescricións contidas nesta Lei, engadíndose no artigo 17.2 que as bases reguladoras das subvencións das Corporacións Locais deberan aprobar no marco das bases de execución do presuposto, a través dunha Ordenanza Xeral de Subvencións ou mediante unha Ordenanza específica para as distintas modalidades de subvención.*

*O Pleno do Concello, con data 27 de xaneiro de 2005, aprobou a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda, que ten por obxecto establecer as normas de carácter xeral ás que deben axustarse as correspondentes convocatorias.*

*Ó amparo de tal Ordenanza, as presentes bases regulan, no ámbito territorial do Concello de Silleda, as axudas dirixidas a entidades que cumpran os requisitos establecidos nas mesmas, coa finalidade de fomentar a actividade das asociacións e entidades deportivas, de contribuir ó fortalecemento do tecido social e á promoción da calidade de vida e do benestar dos cidadáns do Concello.*

### ***ARTIGO 1.-OBXECTO***

*As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento para a convocatoria e concesión de subvencións, en réxime de concorrencia, para o fomento de actividades deportivas no Concello de Silleda desenroladas por entidades ou clubs deportivos con sede no Concello, e sempre que teñan interese público, comprendendo tanto a realización das citadas actividades, coma os gastos de funcionamento e mantemento daquelas entidades ou asociacións con sede no termo municipal que veñen realizando actividades que redunden en beneficio do Concello.*

### ***ARTIGO 2.-BENEFICIARIOS***

*Con carácter xeral, terá a consideración de beneficiario de subvencións a persoa física ou xurídica que realice a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación que lexitima a súa concesión.*

*Poderán obter a condición de beneficiario das subvencións reguladas nas presentes bases as/os clubs ou entidades deportivas locais de carácter federado, que realicen a súa actividade sen ánimo de lucro e estean inscritos no Rexistrio Municipal de asociacións, sempre que teñan a súa sede no termo municipal de Silleda e realicen*

*a maior parte da súa actividade no mesmo.*

*Non poderán obter a condición de beneficiario das subvencións reguladas nestas bases as entidades en quen concurra algunha das circunstancias sinaladas no artigo 13.2 da Lei Xeral de Subvencións.*

*As Asociacións ou Entidades só poderán concurrir a unha das categorías de subvención convocadas polo Concello (Culturais ou Deportivas).*

### ***ARTIGO 3.-GASTOS SUBVENCIONABLES E CONTÍA DA SUBVENCIÓN***

*Considéranse gastos subvencionables aqueles de natureza corrente inherentes ó funcionamento da entidade ou clube beneficiarios, tales como gastos federativos, persoal, desprazamentos, suministros e outros de análoga natureza.*

*O importe da subvención non poderá superar o 40% do custo previsto das actividades programadas, sen que en ningún caso, por si mesma ou en concurrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo efectivo da actividade desenvolvida.*

*Só se considerarán gastos subvencionables a efectos de xustificación da subvención concedida aqueles que cumplan os requisitos do artigo 31 da Lei Xeral de Subvencións, excluíndose a adquisición de bens inventariables (mobiliario, equipamento, etc.).*

*Se da xustificación presentada polo beneficiario se deduce que o importe subvencionado polo Concello supera este porcentaxe, procederase á redución proporcional do importe da subvención.*

*O período que se terá en conta para a realización da actividade será do 1 de Xaneiro o 1 de Decembro de 2013.*

*As subvencións para entidades ou clubs deportivos faranse efectivas con cargo á partida 341.48900 do Concello de Silleda do exercicio 2013, ata unha contía global máxima do crédito de 24.031,80 euros.*

### ***ARTIGO 4.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES***

*Os interesados en acollerse ás subvencións reguladas nestas bases, presentarán solicitude, de acordo co modelo que se lles facilitará nas dependencias do Concello ou por descarga directa da páxina web municipal, dirixida á Alcaldesa do Concello de Silleda, dentro do prazo de vinte días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación destas bases no Boletín oficial da Provincia.*

*No momento da solicitude, os interesados deberán achegar a seguinte documentación:*

- a) Solicitud, referida no apartado anterior, assinada polo representante legal da persoa xurídica.*
- b) Fotocopia do Código de Identificación Fiscal (CIF).*
- c) Memoria explicativa das actividades a desenvolver durante o exercicio 2013.*
- d) Orzamento detallado de ingresos e gastos, con expresión do financiamento*

previsto.

- e) Certificado expedido polo Secretario da entidade, co visto e prace do Presidente, no que se faga constar as subvencións solicitadas e as que foran concedidas para o financiamento da actividade por calquera Administración ou Entidade pública ou privada, quedando obrigados a comunicar tan pronto como lles sexa coñecida a concesión en data posterior á solicitude, e en todo caso no momento da xustificación.
- f) Fotocopia dos estatutos da entidade ou club, así como fotocopia do acordo que confira a representación da entidade á persoa ou persoas que asinan a solicitude, xunto con copia do DNI destes.
- g) Certificación da Federación correspondente do número de deportistas federados pertencentes ó club ou entidade, ou no seu defecto copia compulsada das citadas fichas federativas, ademais de certificación de que o propio club ou entidade se atopa federado.
- h) Certificación bancaria dos datos dunha conta da titularidade da entidade ou club, na que se poida facer efectivo o importe da subvención.
- i) Declaración responsable de non estar incuso en causa de prohibición para obte-la condición de beneficiario de subvencións.
- j) Declaración responsable de non ser debedor á Facenda estatal ou autonómica, nin á Seguridade Social.
- k) Acreditación de non ter débeda algunha coa Tesourería do Concello de Silleda. As solicitudes de subvención deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Silleda.

#### **ARTIGO 5.-EMENDA DE DEFECTOS**

De existir algún defecto na solicitude ou documentos adxuntos, seral le notificado ó interesado para que nun prazo de 10 días naturais emende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que en caso de non facelo así considerarase desistido na súa petición, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei de Réxime xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

#### **ARTIGO 6.-INSTRUCCIÓN**

1.-A instrucción do procedemento corresponderalle á Alcaldesa ou ó Concelleiro en quen delegue, realizando de oficio cantas actuacións estime precisas para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse proposta de resolución.

Realizada a instrucción, elevarase o expediente á Comisión de Valoración a efectos de que emita informe sobre a avaliación das solicitudes presentadas, segundo esixe o artigo 22.1 da Lei Xeral de Subvencións.

O instrutor, á vista deste informe, formulará proposta de resolución provisional, que

*será notificada ós interesados e exposta ó público no taboleiro de anuncios do Concello, concedéndose un prazo de dez días ós interesados para formular alegacións.*

*Á vista das alegacións presentadas, no seu caso, o instrutor formulará proposta de resolución definitiva, que deberá expresar o solicitante ou relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvención, a súa contía, con motivación relativa á avaliación dos solicitudes e ós criterios seguidos para realizala.*

*2.-A Comisión de Valoración, estará integrado polos seguintes membros, con voz e voto:*

*Presidente: Concelleiro de Deportes*

*Vogal: Primer tenente de Alcaldesa*

*Vogal: Funcionario ou traballador municipal experimentado na tramitación e xestión de expedientes administrativos, actuando como Secretario.*

## **ARTIGO 7.-RESOLUCIÓN**

*A proposta de resolución definitiva será remitida á Intervención para o seu informe. O expediente completo, co informe de Intervención, pasarase á Xunta de Goberno Local, que resolverá o expediente de concesión de subvencións.*

*A resolución definitiva notificarase ós interesados e publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, entendéndose que os interesados aceptan a subvención en caso de non manifestar nada en contra no prazo de dez días.*

*O prazo máximo para resolver será de seis meses desde a publicación da convocatoria. O vencemento deste prazo sen terse notificado resolución lexitima ós interesados para entender desestimada a súa pretensión por silencio administrativo.*

## **ARTIGO 8.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE SOLICITUDES**

*A concesión de subvencións e a súa contía determinadas en función dos seguintes criterios:*

*1- Fomento do deporte base e das escolas deportivas (prebenxamíns, benxamíns, alevins, cadetes, infantís e xuvenís): Ata 20 puntos.*

*2- Condicións das instalacións deportivas onde practican a actividade o club ou entidade: Ata 20 puntos*

*3- Colaboración con actividades do Concello: ata 15 puntos*

*4- Número de participantes directos ou indirectos das actividades: ata 15 puntos*

*5- Número de actividades realizadas durante o exercicio: Ata 10 puntos.*

*6- Interese xeral da actividade a realizar: Ata 10 puntos.*

*7.-Valorarase se o clube ou entidade se fai cargo do mantemento das instalacións: Ata 10 puntos.*

*8- Número de deportistas federados, afiliados o club ou entidade:*

*De 1 a 15 ata 1 punto.*

*De 16 a 35 ata 5 puntos.*

Máis de 35 ata 10 puntos.

*Pola natureza das subvencións reguladas nestas bases, na resolución de concesión procederase ao prorratoe do importe máximo do crédito destinado a estas subvencións entre os distintos clubs ou entidades deportivas que resulten beneficiarios da subvención, en función da puntuación acadada na aplicación dos procedentes criterios.*

#### **ARTIGO 9.-XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO**

*Os beneficiarios deberán xustificar a aplicación da subvención correspondente ó exercicio 2013 como data límite antes do 10 de decembro de 2013, como condición previa á percepción da subvención concedida.*

*Poderá solicitarse un anticipo a conta de ata o 50% do importe da subvención concedida, cando por circunstancias debidamente xustificadas se acredite a súa necesidade, e previa xustificación. A xustificación deberá revestir a forma de conta xustificativa, que deberá incluir os seguintes apartados:*

- Memoria das actividades realizadas
- Estado detallado de ingresos, no que se especifiquen todos aqueles que financiaron a actividade.
- Estado detallado de gastos, no que figuren individualizadamente e polo seu custe unitario todos aqueles nos que se incorrera, acompañados do seu respectivo xustificador e dos documentos acreditativos do pago.
- Copia da resolución de concesión.
- Acreditación da debida publicidade do carácter público do financiamento.

*Os gastos acreditaranse mediante facturas ou documentos substitutivos de igual eficacia probatoria no tráfico xurídico, acompañadas de declaración xurada do beneficiario ou o seu representante acreditativa de que os gastos documentados neses xustificantes se aplicaron á actividade subvencionada.*

*A conta xustificativa pasarase á Intervención para o seu informe, e una vez informada elevarase á Xunta de Goberno Local, que decidirá sobre a corrección e suficiencia da xustificación, instando en caso contrario a iniciación do expediente de reintegro, de acordo co establecido na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e más normativa aplicable."*

**(Neste momento incorràse á sesión a Interventora municipal, Isabel Pernas Sánchez.)**

#### **8º.- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNNS PARA PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE SILLEDA.**

Pola alcadesa dase conta das “Bases Reguladoras da Convocatoria de Subvencións para promoción de Actividades Culturais do Concello de Silleda”, asinadas pola Alcaldesa en data 24 de abril de 2013.

Visto o informe emitido pola Interventora Municipal, de data 24 de abril de 2013

**A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos presentes, acorda prestar aprobación as “Bases Reguladoras da Convocatoria de Subvencións para promoción de Actividades Culturais do Concello de Silleda”, e que transcríbense a continuación:**

**“BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNNS PARA PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS DO CONCELLO DE SILLEDA**

**1. DISPOSICIÓN XERAIS.**

*Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e procedemento para a concesión de subvencións no ámbito do Termo Municipal de Silleda, de acordo cos principios de obxectividade, igualdade, concorrencia e publicidade, para a prestación de servizos e a realización de actividades que complementen ou suplan os atribuídos á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan o fomento dos intereses peculiares do municipio de acordo co establecido na lexislación sobre réxime local (Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; Regulamento de Servizos de 1955; Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia; Lei 38/2003, de 17 de novembro; Xeral de Subvencións; Lei Xeral Orzamentaria).*

**2. FINALIDADE E OBXECTO.**

*A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas para que os seus destinatarios realicen as seguintes actividades:*

*A) Promoción de Actividades Culturais.*

*Poderán optar a estas subvencións as asociacións culturais e asociacións de veciños, educativas ou outras entidades sociais que presten servizos ou organicen actividades sen fin de lucro do tipo (organización de actividades que fomenten a cultura, a educación, o turismo ou a participación cidadá).*

*As Asociacións ou Entidades só poderán concurrir a unha das categorías de subvención convocadas polo Concello (Culturais ou Deportivas)*

*Non serán obxecto de subvención:*

- Os gastos de mantemento ordinario: auga, luz, gas, comidas e bebidas e teléfono. Só se admitiran os gastos provenientes de seguros ou alugueiros se estiveren directamente relacionados coas actividades obxecto da subvención.
- As actividades suxeitas a un Convenio de Colaboración co Concello, e as que que recibisen calquera outro tipo de achega municipal
- Os gastos que non estean directamente vinculados ás actividades realizadas, ou que carezan da natureza propia dessa actividade.

*O período que se terá en conta para a realización de actividades será do 1 de xaneiro ó 10 de decembro de 2013.*

### **3. FINANCIAMENTO DAS SUBVENCIÓNS.**

*As citadas subvencións concederanse con cargo ás partidas e disponibilidades orzamentarias máximas seguintes:*

MATERIAS	PARTIDA ORZAMENTARIA	CONTÍA MÁXIMA
<i>Actividades Culturais e de Interese social.</i>	334.48901	39.000,00 €

*Poderán solicitar subvención as persoas xurídicas, agrupacións veciñais, comités organizadores, persoas físicas e asociacións culturais, veciñais ou educativas que cumpran as seguintes condicións:*

- *Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.*
- *Carecer de fins de lucro para o desenvolvemento das actividades obxecto desta subvención.*
- *Desenvolver as súas actividades no Termo Municipal de Silleda ou, no caso de efectuarse fora deste, deberá tratarse de actividades que suplan ou complementen as atribuídas ao Concello de Silleda.*
- *Non estar pendente de xustificación de ningunha subvención concedida polo Concello de Silleda.*

### **4. PROCEDIMENTO E PRAZO.**

*As solicitudes de subvención deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Silleda.*

*O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais a partir do*

*dia seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.*

### **5. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.**

- a) *Instancia individualizada- segundo modelo que se entregará no Rexistro do Concello ou por descarga directa do sitio web www-silleda.es- por cada modalidade de actividade, asínada polo presidente da entidade, asociación, ou por quien teña conferida a delegación- debendo acreditar debidamente tal circunstancia- na que conste a finalidade e contía da subvención que se solicita.*
- b) *Programa ou memoria detallada das actividades que se pretenden realizar, incluíndo as datas previstas para a súa realización- segundo modelo que se entregará no Rexistro do Concello ou por descarga directa do sitio web www-silleda.es*
- c) *Orzamento detallado dos gastos ocasionados polas actividades para as que se solicita a subvención e dos ingresos previstos para a súa financiamento, segundo modelo segundo modelo que se entregará no Rexistro do Concello ou por descarga directa do sitio web www-silleda.es*
- d) *Certificación dos cargos representativos e domicilio social, con expresión do CIF ou NIF, segundo modelo que se entregará no Rexistro do Concello ou por descarga directa do sitio web www-silleda.es-.*
- e) *Copia do CIF da Entidade.*
- f) *Comunicación de se lles foi concedida outra/s subvención/s para a mesma actividade procedente de calquera administración ou ente público ou privado, obligándose a comunicar aquellas concedidas con data posterior a presentación de solicitude -de ser o caso, segundo modelo que se entregará no Rexistro do Concello ou por descarga directa do sitio web wwwsilleda.es.*
- g) *Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións - segundo modelo que se entregará no Rexistro do Concello ou por descarga directa do sitio web www-silleda.es-.*
- h) *Certificación dos datos bancarios da entidade solicitante.*
- i) *Aquellos asociacións que precisen de directores especializados para a súa actividade, e desexen optar a esta vía de subvención, deberán presentar coa solicitude, o orzamento mensual e anual do custo do director/a.*
- j) *Aqueles colectivos, cunha traxectoria temporal de máis de vinte anos, deberán acreditalo de forma fehaciente.*

*Si se apreciasen defectos de forma ou documentación incompleta, requirirírase a corrección ou rectificación no prazo de dez días naturais, arquivándose o expediente sen máis trámite de non efectuarse estas.*

## 6. PROPOSTAS DAS SUBVENCIÓNS.

A comisión de subvencións procederá a proposta das axudas e subvencións, logo dos informes que se consideren precisos, e segundo os criterios que de seguido se sinalan:

- Fomento e difusión da cultura entre a poboación - Ata 5 puntos.
- Carácter permanente das actividades obxecto de subvención - Ata 10 puntos.
- Proxección cultural das actividades desenvolvidas ao longo do ano - Ata 5 puntos.
- Interese xeral da actividade a desenvolver - Ata 10 puntos.
- Número de beneficiarios directa ou indirectamente - Ata 10 puntos.
- Fomento da cultura no colectivo infantil - Ata 20 puntos.

No caso de que unha vez aplicados os anteriores criterios, non se esgote a totalidade do crédito orzamentario previsto para estas subvencións na Base 3º das presentes bases reguladoras, que é de 39.000,00 euros, terán consideración especial aqueles colectivos ou asociacións que para o desenvolvemento das súas actividades precise de directores especializados, subvencionándose como máximo ata os seguintes importes:

Directores/as de bandas de música: 775 €/mes

Directores/as de baile: 200 €/mes

Directores/as de coro: 175 €/mes.

Terán tamén consideración especial aqueles colectivos cunha traxectorial temporal demostrable, incrementándose as subvencións por cada tramo de 20 anos de actividade continuada en 100 euros, ata un máximo de 200 euros.

A Comisión de Subvencións terá a seguinte composición:

- Presidente: A Concelleira de Cultura.
- Vogal: Funcionario/a traballador municipal experimentado na tramitación e xestión de expedientes administrativos, o cal realizará as funcións de Secretario.
- Vogal: Técnico/a de cultura ou animador/a sociocultural.

## 7. CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O órgano municipal competente para a concesión das subvencións é a Xunta de Goberno Local, que analizará a proposta da Comisión de subvencións e resolverá xustificadamente, realizando o oportuno rateo da cantidade dipoñible. A proposta de subvencións irá acompañada dun informe de fiscalización da Intervención

*Municipal.*

*A resolución deberá conter os seguintes extremos:*

- Relación de solicitantes que resulten beneficiarios, coa motivación correspondente, e o importe asinado.
- Desestimación do resto das solicitudes, ca motivación correspondente.

*O prazo máximo para a notificación expresa da resolución das solicitudes será de tres meses, contados a partir do último día do prazo de presentación. A falla desa notificación expresa suporá a desestimación por silencio administrativo.*

*A resolución da concesión farase pública, como mínimo, mediante exposición pública no taboleiro de anuncios municipal durante un prazo de un mes e por notificación escrita aos beneficiarios.*

## **8. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.**

*Son obrigas dos beneficiarios:*

- Realizar as actividades que fundamentaron a concesión da subvención e acreditar a súa realización.
- Sinalar na publicidade que a actividade conta co financiamento da concellaría correspondente do Concello de Silleda.
- Asumir todas as responsabilidades legais e civís das actividades que realicen.
- Comunicar ao Concello a concesión de subvencións de calquera entidade pública ou privada. O incumprimento desta obriga pode dar lugar ás esixencias das responsabilidades que determine a lexislación vixente.
- Destinar a subvención exclusivamente aos fins que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo Concello.
- O sometemento ás actuacións de comprobación do concello da efectiva realización das actividades para as que foi concedida a subvención.
- Facilitar canta información sexa requirida polo Concello ou polo Tribunal de Contas.
- Estar o corrente das súas obrigas fiscais co Concello.

## **9. CONTÍA DAS SUBVENCIÓNS.**

*O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que ailladamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados supere o costo da actividade*

*a desenvolver polo beneficiario. Neste suposto, modificarase a resolución da concesión.*

*Unha vez resoltas e concedidas as subvencións, poderanse solicitar adiantos do 50% como máximo da contía concedida, a medida que se xustifique o gasto realizado polos conceptos subvencionados.*

#### **10. XUSTIFICACIÓN E COBRO DAS SUBVENCIÓNNS.**

*O prazo para a xustificación das subvencións finalizará o 15 de decembro, salvo que se solicitase antes do remate do antedito prazo e fose concedida prorroga, debendo no seu caso, motivarse a concesión da mesma.*

*Se non se presentase a xustificación da totalidade da subvención dentro do prazo (inicial ou prorrogado) por Decreto do concelleiro delegado de Cultura iniciarase o expediente de anulación do correspondente compromiso, reducindose proporcionalmente a cantidade concedida ao gasto xustificado.*

*A xustificación dos gastos, de acordo co fin para o que se concedeou a subvención, deberá realizarse presentando a documentación xustificativa seguinte nos prazos indicados na presente convocatoria:*

*- Memoria descriptiva das actividades realizadas sinalando as datas e lugares de realización e dos gastos e ingresos totais obtidos por todos os conceptos, debidamente rubricada e conformada polos representantes das entidades beneficiarias da subvención (segundo modelo que se entregará no Rregistro do Concello).*

*- Relación das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións ou Entidades Públicas ou privadas para o mesmo obxecto; en caso negativo, deberá deixarse constancia deste feito no expediente mediante a correspondiente declaración responsable (segundo modelo que se entregará no Concello).*

*- No caso de gastos de prestacións persoais de servizo (incluidos os pagos aos directores-as especializados), acreditación mediante nómina factura e calquera outro admitido en dereito.*

*- No caso de gastos de material, suministracións etc, orixinal ou fotocopia (ou documentos acreditativos do gasto substitutivos da factura contemplados no artigo 4 do Real Decreto 1496/2003) representativos dos gastos realizados.*

*As facturas deberán conter como mínimo, os seguintes requisitos:*

- Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.*
- Desagregación do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención, deberá facerse constar expresamente na factura.*

- *Nome, enderezo e NIF ou CIF do beneficiario da subvención.*
- *Descripción do servicio ou subministro prestado.*
- *Número de factura, data de emisión e denominación de "factura", así como xustificación de ter sido aboada.*
- *O importe dos gastos xustificados deberá acadar, como mínimo, a contía da subvención concedida.*
- *Declaración de que as facturas ou xustificantes corresponden a actividade e entidade subvencionada.*

*Á vista da documentación xustificativa presentada, o órgano competente estimará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados, e proporá que se efectúe o pagamento da subvención.*

*No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección.*

*O pagamento da subvención efectuarase mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola entidade, cuxo titular deberá ser a entidade beneficiaria con carácter previo ao pagamento das cantidades concedidas, comprobarase de oficio pola Tesourería Municipal que as entidades beneficiarias non teñen débedas pendentes co Concello. Neste suposto, procederase ao seu cobro por compensación mediante a súa dedución da obriga de pagamento.*

## **12. REINTEGRO DE SUBVENCIÓNS.**

*Procederá o reintegro do total ou parte das cantidades percibidas desde o momento do pagamento da subvención, nos seguintes casos:*

- *Incumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.*
- *Obtención da subvención sen reunir as condicións requiridas ou falseándoas.*

*As cantidades a reintegrar terán a consideración de ingreso de derecho público.*

**DISPOSICIÓN FINAIS.-** Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador da Lei Xeral Orzamentaria, sen perxuízo da comunicación de tales feitos ó Consello de Contas ao efecto da depuración por este das eventuais responsabilidades penais ou de calquera outra índole que poideran esixirse.

*As sancións serán acordadas e impostas polo Concelleiro de Cultura.”*

**9º.- CONTRATACIÓN: CONTRATO DE SERVIZO DE ARQUITECTO.**

Visto que o día 10 de Abril de 2013 a Alcaldesa detectou a necesidade de contratar o servizo de arquitecto debido a o xa consta na proposta.

Visto que, dada a característica do servizo pola mesma Alcaldesa, segundo providencia de 10 de Abril de 2013 parece que o procedemento máis adecuado é o procedemento negociado sen publicidade.

Visto que foi emitido un informe de Intervención, de data 15 de abril de 2013, sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente.

Visto que o día 15 de Abril de 2013 emitiúse un informe sobre a lexislación aplicable, o procedemento que había que seguir e o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato.

Visto que se aprobou, por resolución da Alcaldía do 17 de Abril de 2013, iniciar o expediente para a devandita contratación, motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Visto que o día 22 de Abril de 2013 foi redactado e incorporado ao expediente o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a adxudicación do contrato.

Visto que a interventora realizou a retención de crédito oportuna e emitiu un informe de fiscalización do expediente, coas conclusións que constan no mesmo.

Despois de examinar a documentación achegada, de conformidade co establecido no artigo 110 e na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro,

**A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos presentes, acorda**

**PRIMEIRO.** Que se aprobe o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do contrato do servizo de arquitecto.

**SEGUNDO.** Que se autorice, pola contía de 30.250 euros, o gasto que para este concello representa a contratación do servizo de arquitecto por procedemento

negociado sen publicidade, con cargo á partida 92022706 do estado de gastos do orzamento municipal deste concello para o exercicio 2013

TERCEIRO. Que se aproben os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescripcións técnicas que rexerán o contrato do servizo de arquitecto por procedemento negociado sen publicidade.

CUARTO. Comunicar ó Colexio de Arquitectos de Galicia a intención desta contratación para que remita listado de posibles candidatos.

ANEXOS:

***PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA TÉCNICA PROPIAS DUN ARQUITECTO***

**CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e cualificación**

*O obxecto do contrato é a realización do servizo de elaboración de informes sobre licencias de obrass, expedientres e actividades relacionadas coa materia urbanística; fixación de alineacións, interpretación de planos e instrumentos de planeamento urbanístico; atención ao público en asuntos relacionados con urbanismo, obras y servicios; asesoramento ao Concello en materia urbanística e de planeamento, cuxa codificación CPV é 71000000,*

*O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, tal e como establece o artigo 10 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.*

**CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de selección e adxudicación**

*A forma de adxudicación do contrato será o procedemento negociado sen publicidade, no que a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato con un ou varios deles, de acordo co artigo 169.1 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.*

*Non será necesario dar publicidade ao procedemento para asegurar a concorrenza; é dicir, será necesario solicitarlle ofertas, polo menos, a tres empresarios capacitados para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.*

### **CLÁUSULA TERCEIRA. O perfil do contratante**

*Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este concello conta co perfil do contratante, ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na seguinte páxina web: [www.silleda.es](http://www.silleda.es)*

### **CLÁUSULA CUARTA. Importe do contrato**

*O importe deste contrato ascende á contía de 30.250 euros. O prezo certo anterior queda detallado nun valro estimado de 25.000 euros, e no imposto sobre o valor engadido (21%) de 5.250 euros.*

*Este importe está calculado en base a asistencia ao Concello, polo adxudicatario do contrato, por 30 horas á semana*

*O importe aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 920 22706 do vixente orzamento municipal; xa que existe crédito abondo ata o importe aprobado polo Concello e queda acreditada a plena disponibilidade das achegas que permiten financiar o contrato.*

### **CLÁUSULA QUINTA. Duración do contrato**

*A duración do contrato de servizos será de 12 meses, con efectos dende o día seguinte á formalización do contrato ata a mesma data do ano 2014.*

### **CLÁUSULA SEXTA. Acreditación da aptitude para contratar**

*Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursas en prohibicións para contratar e que acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.*

#### *1. A capacidade de obrar dos empresarios acreditarase:*

*a) Dos empresarios que sexan **persoas xurídicas**, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, en que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, se é o caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.*

*b) Dos empresarios **non españoles que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea**, pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha*

*declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.*

*c). Dos demais empresarios estranxeiros, co informe da misión diplomática permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.*

*2. A proba, por parte dos empresarios, de non estaren incursos nalgunha das prohibicións para contratar do artigo 60 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, poderá realizarse:*

*a) Mediante un testemuño xudicial ou unha certificación administrativa, segundo os casos. Cando o dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.*

*b) Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituirse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.*

### *3. A solvencia do empresario*

*3.1. A solvencia económica e financeira do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos seguintes medios:*

*a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, se é o caso, un xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.*

*b) As contas anuais presentadas no Rexistre Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda. Os empresarios que non estean obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.*

*c) Declaración sobre o volume global de negocios e, de ser o caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido, como máximo, aos tres últimos exercicios disponibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida que se dispoña das referencias do devandito volume de negocios.*

### *3.2. A solvencia técnica dos empresarios acreditarase por os seguintes*

medios:

- a) As titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.
- b) En consonancia co informe 51/2005, de 19 de Novembro, da Junta Consultiva de Contratación Administrativa del Estado, exixirse como medio de acreditación da solvencia técnica, unha experiencia de tres anos en posto similar, tanto na administración pública como en empresas privadas.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, na falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; se é o caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

#### **CLÁUSULA SÉTIMA. Presentación de ofertas e documentación administrativa**

As ofertas presentaranse no Concello de Silleda, na Rúa Trasdeza, 55, en horario de atención ao público, no prazo que se indique na invitación a participar.

As ofertas poderán presentarse por correo, por telefax ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos<sup>1</sup>, en calquera dos lugares establecidos no artigo en 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

<sup>1</sup> Tal e como establece a disposición adicional décimo quinta do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Cando se envien as proposicións por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta o mesmo día mediante un télex, fax ou telegrama que consigne o número de expediente, o título completo do obxecto do contrato e o nome do candidato.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama realizarase mediante unha diligencia redactada o mesmo día polo secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se o órgano de contratación a recibe despois da data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez transcorridos os dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

*Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumplir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.*

*Cada candidato non poderá presentar máis dunha oferta [sen prexuízo do establecido nos artigos 147 e 148 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro]. Tampouco poderá subscribir ningunha oferta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurase en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas subscritas por el.*

*A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicional polo empresario das cláusulas deste prego.*

*As proposicións para participar na licitación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polos candidatos e con indicación do domicilio para os efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda "Oferta para negociar a contratación do servizo de CONSULTORÍA E ASISTENCIA TÉCNICA PROPIAS DUN ARQUITECTO". A denominación dos sobres é a seguinte:*

- Sobre "A": Documentación administrativa.
- Sobre "B": Oferta económica e documentación.

*Os documentos que se deben incluir en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme a legislación en vigor.*

*Dentro de cada sobre incluiranse os seguintes documentos, así como unha relación numerada deles:*

***SOBRE "A"***  
***DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA<sup>2</sup>***

*a) Os documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.*

*b) Os documentos que acrediten a representación.*

*- Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro presentarán unha copia notarial do poder de representación, cuxa suficiencia será verificada polo secretario da corporación.*

*- Se o candidato é unha persoa xurídica, este poder deberá estar inscrito no*

*Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.*

*- Do mesmo xeito, a persoa co poder verificado para os efectos de representación deberá achegar unha fotocopia compulsada administrativamente ou un testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.*

*c) Unha declaración responsable de non estar incuso nunha prohibición de contratar das recollidas no artigo 60 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.*

*Esta declaración incluirá a manifestación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba ser presentada, antes da adjudicación, polo empresario a favor do cal se vaia efectuar esta.*

*d) Os documentos que xustifiquen o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.*

*e) De ser o caso, un enderezo de correo electrónico en que realizar as notificacións.*

*f) Documento que acredite estar de alta na Seguridade Social, no Réxime de Autónomos .*

*g) Título o documento que acredite estar en posesión da titulación correspondente de Arquitecto.*

*h) As titulacións académicas ou profesionais das que dispoña o interesado.*

*i) Para as empresas estranxeiras presentarán a declaración de someterse á xurisdicción dos xulgados e tribunais españoles de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto poidan xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puiden corresponder ao candidato.*

<sup>2</sup> De acordo co artigo 146 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

## ***SOBRE "B" OFERTA ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN***

*a) Oferta económica.*

*Presentarase de acordo co seguinte modelo:*

"D. \_\_\_\_\_, con domicilio para os efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, r/ \_\_\_\_\_, númer. \_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, en representación da entidade \_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_, xa que recibín unha invitación para a presentación de ofertas e estou informado das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación, por procedemento negociado, do contrato do servizo de CONSULTORÍA E ASISTENCIA TÉCNICA PROPIAS DUN ARQUITECTO, fago constar que coñezo o prego que serve de base para o contrato e que o acepto integralmente, que participo na licitación e que me comprometo a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de \_\_\_\_\_ euros e \_\_\_\_\_ euros correspondentes ao imposto sobre o valor engadido.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 20\_\_\_\_\_  
Sinatura do candidato  
Asdo.: \_\_\_\_\_ "

b) Documentos que permitan ao órgano de contratación valorar as condicións das ofertas segundo os aspectos de negociación.

#### CLÁUSULA OITAVA. Garantía provisional

Non se considera necesario esixir aos candidatos a constitución dunha garantía provisional.

#### CLÁUSULA NOVENA. Aspectos obxecto de negociación coa empresa

Para a valoración das ofertas e a determinación da que sexa economicamente máis vantaxosa atenderase a varios aspectos de negociación. Procederase a baremar os seguintes aspectos que a continuación se detallan e que se consideran importantes á hora de seleccionar ao candidato, ata un máximo de 10 puntos:

- *Cursos de formación, Xornadas e seminarios, todos eles sobre Urbanismo e formación de técnicos locales, destinados a arquitectos Valorarase da seguinte forma, cun máximo de 3 puntos.*

*Cursos, xornadas e seminarios de mais de 50 horas..... 0.50 puntos/curso, xornada ou seminario*

*Cursos, xornadas e seminarios de 20-50 horas..... 0.20 puntos/curso, xornada ou seminario*

*Cursos, xornadas e seminarios de menos de 20 hora .... 0.10 puntos/ curso xornada ou seminario*

*- Mellor oferta económica: Este criterio valorarase ata un máximo de 7*

*puntos, que se asignarán á proposta más favorable, e aos restantes puntuarásenos de maneira inversamente proporcional de acordo coa seguinte fórmula:*

*Puntuación= Precio menor X Puntuación máxima/ Precio ofertado*

#### **CLÁUSULA DÉCIMA. Mesa de contratación**

*Non é necesaria a súa constitución*

#### **CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA. Prerrogativas da Administración**

*O órgano de contratación, de acordo co artigo 210 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ten as seguintes prerrogativas:*

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que offreza o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

#### **CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA. Apertura de ofertas**

*O órgano de contratación constituirase o quinto día hábil despois da finalización do prazo de presentación das ofertas, e cualificará a documentación administrativa contida nos sobres "A".*

*Se for necesario, concederá un prazo non superior a tres días para que o licitador corrixa os defectos ou omisións emendables observados na documentación presentada.*

*Procederáse despois á apertura e exame do sobre "B" e comenzará a negociación de acordo cos aspectos fixados no prego.*

#### **CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Requerimento da documentación**

*Unha vez recibidos os informes e reunida de novo o órgano de contratación, este proporá o licitador que presentase a oferta economicamente más vantaxosa.*

*O órgano de contratación requiriralle ao licitador que presente a oferta economicamente más vantaxosa que, dentro do prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte a aquél en que recibise o requerimento, presente a documentación xustificativa de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ou que autorice ao órgano de contratación para obter de forma*

*directa a acreditación diso, de dispor efectivamente dos medios que se comprometese a dedicar ou adscribir á execución do contrato, conforme o artigo 64.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.*

#### **CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Garantía definitiva**

*Os que resulten adxudicatarios dos contratos deberán constituir unha garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.*

*Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:*

*a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxección, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta lei. O efectivo e os certificados de inmobilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas delegacións de Economía e Facenda, ou nas caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes ante as cales deban producir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan.*

*b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta lei, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que se deberá depositar nos establecementos sinalados na alínea a) anterior.*

*c) Mediante contrato de seguro de caución, subscrito na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberase entregar nos establecementos sinalados na alínea a) anterior.*

*A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e se cumpra satisfactoriamente o contrato.*

*Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 100 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.*

#### **CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Adxudicación do contrato**

*Unha vez recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación*

*deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.*

*En ningún caso podrá ser declarada deserta unha licitación se existe algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que recolle este prego.*

*A adxudicación, que deberá ser motivada, notificaráselles aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.*

*A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que lle permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpor un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular, expresará os seguintes aspectos:*

- *En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimou a súa candidatura.*
- *Respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén de forma resumida, as razóns polas cales non se admitiu a súa oferta.*
- *En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.*
- *Na notificación e no perfil do contratante indicarase o prazo en que debe procederse á formalización.*

*[A notificación farase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderase efectuar por correo electrónico ao endereço que os licitadores ou candidatos indicasen ao presentaren as súas proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Porén, o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, será de cinco días.]*

#### **CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Formalización do contrato**

*A formalización do contrato en documento administrativo farase dentro dos quince días hábiles seguintes á data da notificación da adxudicación; o dito documento constituirá título suficiente para acceder a calquera rexistro público.*

*O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública e os correspondentes gastos correrán pola súa conta.*

*[Cando, por causas imputables ao contratista, non se puidese formalizar o contrato no prazo indicado, a Administración poderá acordar a resolución deste, así como a incautación da garantía provisional que, de ser o caso, se constituisse.]*

#### **CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA. Dereitos e obrigas do adxudicatario**

*O contrato executarase con suxección ao establecido nas súas cláusulas e nos pregos, e de acordo coas instrucións que o órgano de contratación lle dea ao contratista para a súa interpretación.*

*O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.*

#### **CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Revisión de prezos**

*O prezo deste contrato non poderá ser obxecto de revisión.*

#### **CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Execución do contrato**

*O contrato executarase con suxección ao establecido neste prego de condicións e no prego de prescricións técnicas, e de acordo coas instrucións que lle dea ao contratista para a súa interpretación o órgano de contratación.*

#### **CLÁUSULA VIXÉSIMA. Modificación do contrato**

*Non se prevé no presente Prego ningunha causa específica de modificación do contrato, sen perxucio de que o mesmo poida modificarse só nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro*

#### **CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA. Penalidades por incumprimento**

*- Cando o contratista, por causas imputables a el, incorra en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias nas proporcións previstas no artigo 212.4 do TRLCSP: de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.*

*Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á sua resolución ou acordar a continuidade da sua execución con imposición de novas*

penalidades.

- Cando o contratista, por causas imputables a el, incumpra a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.

- Cando o contratista incumpra a adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais suficientes para iso, imporanse penalidades en proporción a gravidade do incumprimento, e a súa contía non poderá ser superior ao 10% do orzamento do contrato.

As penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación, adoptado por proposta do responsable do contrato, se houbera un designado, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante a dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, se lle deban aboar ao contratista ou sobre a garantía que, de ser o caso, se constituise, cando non poidan ser deducidas das mencionadas certificacións.

#### **CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. Resolución do contrato**

A resolución do contrato producirase nos supostos que se sinalan neste prego e nos fixados nos artigos 223 e 308 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e será acordada polo órgano de contratación, de oficio ou por instancia do contratista.

Cando o contrato sexa resolto por culpa do contratista, incautaranse da garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e perdas orixinados á Administración no que excedan do importe da garantía.

#### **CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA Réxime xurídico do contrato**

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeranse polo establecido neste prego; para o non previsto nel, serán de aplicación o texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro; o Real decreto 817/2009, do 8 de maio, e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, en todo o que non se opoña ao texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e estea vixente tras a entrada en vigor do Real decreto 817/2009. De maneira supletoria, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na falta delas, as normas de dereito privado.

*A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes deste contrato, de conformidade co disposto no artigo 21.1 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.*

### **PREGO DE PRESCRIPCIONES TÉCNICAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE O SERVIZO DE CONSULTORÍA E ASISTENCIA TÉCNICA PROPIAS DUN ARQUITECTO**


*Dentro dos traballos que inclúe o servizo contratado, atópanse os seguintes:*

- *Prestación de servizos 30 horas/semana, en horario de mañá, sendo o horario fixado de común acordo entre ámbalas partes.*
- *Emisión de informes de tódalas solicitudes de licencias de obra maior, obra menor e actividades de todo o Termo Municipal de Silleda.*
- *Visitas ós inmobles afectados por expediente de ruina.*
- *Seguimento das obras a desenvolver polo Concello.*
- *Asesoría urbanística dos inmobles e obras sitos no Termo Municipal de Silleda.*
- *Asistencia e asesoramento dos traballos do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda.*
- *Emisión de informes relativos ós expedientes de reposición da legalidade e sancionadores que afecten aos inmobles comprendidos no Termo Municipal de Silleda.*
- *Asesoramento aos cidadáns das diversas subvencións que poidan existir, de carácter local, autonómico ou estatal, para inmobles situados no Termo Municipal de Silleda.*
- *Redacción de valoracións e taxacións de bens pertencentes ao Concello de Silleda ou dos que o Concello pretenda adquirir.*
- *En xeral, calquera outro que tivera relación co Termo Municipal de Silleda.*

---

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión as catorce horas e vintecinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario acctal (Decreto 05.04.13), dou fe e certifico.

Silleda, a 29 de abril de 2013.



Asdo. Paula Fernández Pena

Dou fe. O secretario acctal.  
(Decreto 05.04.13)

Asdo. David García Lareo